



*Por Cedeira,*  
**Pablo Moreda**

O PP non pode dicir que está no Concello por amor á arte. Non hai un que non saque tallada, pero a maiores, reparten cos amigos de partido. Son xenerosos cos cartos dos demais. Todo sexa para seguir agarrados á poltrona, á que tanto lle deben.

### Prestacións con nómina da xente do PP

	CARGO	Euros anuais	Xornada
Luis Rubido Ramonde	Alcalde	18.000	Media
Alfredo Vilela Santalla	Tte. alcalde	28.000	Completa
María Luisa Pérez Prieto	Concelleira	6.265,28	9 horas/semana
Almudena Molina Pérez	Concelleira	6.265,28	9 horas/semana
Olga Iglesias Breijo		10.584	Completa
José Luis Parada Freire		19.600	Media

### Prestacións por asistencia á Xunta de Goberno. Algunhas duraron 10 minutos

Pablo Nebrija López	Concelleiro	186
Carlos Romero Beceiro	Concelleiro	186

Ao mes hai 4 Xuntas de Goberno, que fan un total de 744 euros.

Como máximo, 4 horas e 123.500 pts cada mes.

Non é un erro, repasámolo;

Pasaron toda a lexislatura intentando ocultar todas as trampas dos seus negocios e intentando aproveitarse da confianza que neles depositou a boa xente de Cedeira.

O caso máis repugnante é o do Baturro, construción ilegal do Tenente de Alcalde, Sr. Don Alfredo Vilela Santalla, capaz de producir un cambio ilegal no Plan Xeral de Ordenación Municipal, aproveitando a maioría absoluta do PP.

Desde o ano 1995, as construcións debían separarse 10 metros do río. Agora, que ao señor Vilela non lle viña ben,

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Visto o expediente completo, visto os informes en sentido desfavorable que obra non expediente, analizadas as alegacións presentadas por Don Alfredo Vilela Santalla e unha vez feitos os anteriores consideracións, propoño á Xunta de Goberno local como órgano competente para conceder licenzas urbanísticas por delegación de competencia (R. 06/04/2007):

**DENEGAR A LICENZA DE ACTIVIDADE SOLICITADA A NOME DE DON ALFREDO VILELA SANTALLA EN REPRESENTACIÓN DE SANTOSCON S.L. PARA CAFE-BAR EN O BAIURO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2010/024/000010.**

E como consecuencia en virtude do artigo 194.2 da LOUQA:

**DENEGAR A LICENZA DE OBRAS SOLICITADA A NOME DE DON ALFREDO VILELA SANTALLA EN REPRESENTACIÓN DE SANTOSCON S.L. PARA AS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CAFE-BAR EN O BAIURO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2010/006/000189.**

transforman a lei nun erro tipográfico do plan. Os 10 metros son transformados en cinco. Un exemplo máis de impunidade.

Por se alguén pensa que lles estamos pagando por traballar, presentámoslles os datos por anos completos referentes ao rexistro de documentación de entradas e saídas e o número de decretos comparando a xestión socialista coa dos dous alcaldes Rubido. Non temos datos concretos do 2014, pero son por un estilo. Isto daralles unha idea do que se movían os funcionarios con nós e co PP.

